

# TRES CORES: AZUL

Krzysztof Kieslowski, 1993

# 1339

ESTREA EN NUMAX: 16.07.2024 | V.O.S.E. | +12 | 98 min

Nun accidente de coche, Julie perde ao seu marido Patrice, un prestixioso compositor, e á súa filla Anna. Ao recuperarse das súas lesións, decide comezar unha nova vida, independente, solitaria e anónima, arredada dos privilexios que antes gozaba. Olivier, o axudante de Patrice, tenta sacala do seu illamento. Olivier está namorado dela desde hai moitos anos e acaba convencéndoa para que termine o "Concerto para Europa", unha ambiciosa obra inacabada de Patrice.

«A rehabilitación dunha alma humana  
despois dunha dolorosa traxedia ten aquí  
unha dimensión estética impresionante»

Desson Howe, THE WASHINGTON POST



## Un belo e hipnótico poema

Por Carlos Díaz Arasanz

Era o ano 1993 e Krzysztof Kieslowski acababa de asaltar o panorama do cinema europeo con *A dobre vida de Verónica* (1991), estreada no Festival de Cannes e gañadora dos premios da crítica, xurado e a mellor actriz. O director polaco xa demostrara un grande interese polos debates existenciais e os grandes temas da vida no seu Decálogo, a súa primeira gran obra de renome internacional e tres anos antes da súa morte propúxose realizar unha triloxía que versaría sobre os valores que acompañan a bandeira de Francia co título "Tres cores" e os subtítulos Azul, Branco e Vermello. Ao rematar *Vermello*, Kieslowski dixo que xa dixerá todo o que tiña que dicir.

Volvendo á primeira entrega da triloxía, *Azul*, o grande obxectivo da película é tratar o tema da liberdade (concepto que representa o azul na bandeira de Francia) e para iso Kieslowski, e o seu gran guionista Krzysztof Piesiewicz, presentan unha muller que acaba de sufrir un brutal accidente de tráfico no que perdeu o seu marido e a súa filla. Durante toda a película o espectador asiste ao intento de liberación deste horrible suceso e recordo por parte da muller para poder seguir adiante coa súa vida. A partir de aquí Kieslowski artella unha complexa linguaxe de cores (o máis recorrente é o azul), planos pechados, movementos de cámara, fundidos a negro e música operística para expresar o complexo mundo interior da protagonista que loita constantemente entre os seus recordos e a liberdade que anhela.

O recurso formal máis recorrente é o do uso da cor azul que, grazas a unha fotografía completamente irreal, impregna toda a película de tonalidades e luces que bañan así os personaxes da película, especialmente a protagonista, da primeira cor da bandeira francesa. Kieslowski outórgalle un dobre significado á cor azul, representando así a propia dualidade dos sentimentos da protagonista, que evoluciona ao longo da película: expresa tanto os recordos e a dor que a ancoran ao pasado como a liberdade que agarda ao final do escuro túnel que transita ao longo do filme. Isto vese fidedignamente tanto na propia fotografía da película (a escena do accidente, o primeiro recordo que golpea a protagonista, a escena final) como en símbolos repartidos por toda a metraje (a decoración azul que pon no seu novo apartamento ou o cartafol que contén as partituras do concerto inacabado do seu marido). Non casualmente, cando Julie consegue finalmente liberarse, ou aceptarse, ao final da película, Kieslowski encádraa fundíndose metaforicamente coa decoración azul antes mencionada, o único símbolo que claramente alude á liberdade ao longo da obra.

Máis aló do maxistral uso da cor, Kieslowski tamén demostra un profundo dominio dos demais recursos da linguaxe que utiliza para vehicular os seus temas: tanto a subxectivización do punto de vista (vemos todo a través dos ollos de Julie, algo que reafirma ao principio da película facendo que o primeiro que vexamos dela sexan os seus ollos), como os fundidos que expresan tanto recaídas no recordo e a dor como breves momentos de felicidade.

*Tres cores: Azul* é unha película dun director en estado de graza no punto álxido da súa carreira, aquí Kieslowski cristaliza todo o que explorara ao longo da súa filmografía e realiza a súa mellor película: un belo e hipnótico poema sobre a necesidade de aceptar o que se ten para poder vivir unha vida en liberdade propia.